

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ACORDO do 10 de xullo de 2025, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración presentados xunto coa solicitude de pase a concesión de explotación de 17 cuadrículas mineiras derivada do permiso de investigación de recursos da sección C) Alberta I número 4966.1.1, nos concellos de Beariz e Avión, provincia de Ourense, e A Lama, provincia de Pontevedra.

En cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública a documentación relacionada coa solicitude de pase a concesión de explotación de 17 cuadrículas mineiras derivada do permiso de investigación de recursos da sección C) *Alberta I* número 4966.1.1, que se describe a seguir:

- Solicitante: Recursos Minerales de Galicia, S.A., con NIF A99435323.
- Denominación do proxecto: Mina Doade.
- Recursos: espodumena, moscovita, feldespató sódico e feldespató potásico.
- Concellos afectados: Beariz e Avión (Ourense) e A Lama (Pontevedra).
- Localización: coordenadas UTM, fuso 29 (ETRS89).

As coordenadas que definen o perímetro da concesión de explotación son as seguintes:

Vértice	Coordenadas xeográficas		Coordenadas UTM	
	ETRS89		ETRS89 UTM FUSO 29	
	Lonxitude (W)	Latitude (N)	UTM X	UTM Y
1	8° 20' 45,41"	42° 28' 35,78"	553.761,16	4.702.902,75



Vértice	Coordenadas xeográficas		Coordenadas UTM	
	ETRS89		ETRS89 UTM FUSO 29	
	Lonxitude (W)	Latitude (N)	UTM X	UTM Y
2	8° 19' 45,41"	42° 28' 35,78"	555.131,16	4.702.913,48
3	8° 19' 45,41"	42° 28' 15,78"	555.136,05	4.702.296,57
4	8° 19' 25,41"	42° 28' 15,78"	555.592,75	4.702.300,21
5	8° 19' 25,41"	42° 27' 55,78"	555.597,68	4.701.683,30
6	8° 19' 5,41"	42° 27' 55,78"	556.054,42	4.701.686,97
7	8° 19' 5,41"	42° 26' 55,78"	556.069,31	4.699.836,25
8	8° 20' 5,41"	42° 26' 55,78"	554.698,70	4.699.825,34
9	8° 20' 5,41"	42° 27' 15,78"	554.693,86	4.700.442,25
10	8° 20' 25,41"	42° 27' 15,78"	554.237,03	4.700.438,67
11	8° 20' 25,41"	42° 28' 15,78"	554.222,63	4.702.289,39
12	8° 20' 45,41"	42° 28' 15,78"	553.765,92	4.702.285,84

O proxecto Mina de Doade foi recoñecido como proxecto estratéxico europeo (PEE) por cumprir cos criterios especificados no artigo 6.1 do Regulamento (UE) 2024/1252 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024, polo que se establece un marco para garantir unha subministración segura e sustentable de materias primas fundamentais e polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1724 e (UE) 2019/1020 (en diante, CRMA).

Segundo o artigo 10 do devandito CRMA, o proxecto de explotación Mina de Doade, como PEE, contribúe á seguridade da subministración de materias primas estratéxicas na Unión Europea, polo que ten carácter prioritario, e outórganselle os seguintes dereitos e condicións favorables:

1. Ten a condición de interese público con respecto aos efectos ambientais ou obrigas recollidos no artigo 6, punto 4, e no artigo 16, punto 1, letra c), da Directiva 92/43/CEE, no artigo 4, punto 7, da Directiva 2000/60/CE e no artigo 9, punto 1, letra a), da Directiva 2009/147/CE, ou nas disposicións lexislativas da Unión sobre a restauración dos ecosistemas terrestres, costeiros e de auga doce.

2. Tramítase polo procedemento de urxencia establecido no artigo 33.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de conformidade coa Resolución do 7.5.2025, do director xeral de Planificación Enerxética e Minas, polo que se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.



Documentación que se expón:

1. Memoria para a solicitude.
2. Proxecto de explotación (asinado o 16.1.2025, excepto os anexos 1, 9, 11 e 12, que foron asinados o 29.4.2025).
3. Proxecto da planta de concentración (asinado o 16.1.2025).
4. Plan de restauración (asinado o 17.1.2025).
5. Estudo de impacto ambiental (asinado o 16.1.2025).
6. Resumo non técnico.

O que se fai público para o coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan examinar a documentación e presentar as alegacións que consideren oportunas, no prazo de trinta (30) días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto de explotación e o plan de restauración é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.

Procedemento de avaliación ambiental: o proxecto de explotación está suxeito á avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Toda a documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Minas do Departamento Territorial de Ourense da Consellería de Economía e Industria (rúa Curros Enríquez, núm. 1, 3º andar, 32003 Ourense), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como na seguinte ligazón web da consellería:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>

Ourense, 10 de xullo de 2025

Alicia María López Míguez
Directora territorial de Ourense

CVE-DOG: fz8j3774-6vj5-v7t5-7cp7-aiam8lb081j5

